
COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

*O ROMANCEIRO TRADICIONAL
DE GALICIA*

ESTUDO E ANTOLOXÍA
POR ANA VALENCIANO

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DA UNIVERSIDADE DO ALGARVE

FARO 2017

*O ROMANCEIRO TRADICIONAL
DE GALICIA*

COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

*O ROMANCEIRO TRADICIONAL
DE GALICIA*

ESTUDO E ANTOLOXÍA
POR ANA VALENCIANO

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DA UNIVERSIDADE DO ALGARVE

FARO 2017

COLECCIÓN TEXTOS E ESTUDOS

DIRECTOR PERE FERRÉ

SECRETARIADO CIENTÍFICO PAULA GARCÍA RUMBO

DOI: <https://doi.org/10.34623/k222-hb41>

ÍNDICE XERAL

Presentación.....	9
Introdución	11
Antoloxía.....	45
I. Romanceiro Histórico e Cabaleiresco	47
II. Romanceiro Novelesco	57
III. Romanceiro Burlesco e Infantil	63
IV. Romanceiro Vulgar	66
V. Romanceiro Relixioso	73
Bibliografía Básica de Textos	79

Presentación

O Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve inicia aquí unha colección titulada Estudos e Textos destinada a divulgar, tanto en Portugal coma no estranxeiro, temas e obras fundamentais da cultura galega.

Decidín comezar por un breve volume dedicado a un xénero tradicional aínda presente na memoria colectiva do pobo galego: o Romanceiro. Outros volumes continuarán na tentativa de reforzar a presenza da cultura de Galicia tanto entre os académicos coma no público en xeral. Deste modo, tentaremos preencher, nestas obras, áreas como a literatura, a historia, as artes visuais, o pensamento... nunha palabra, todo canto poida revelar, a través de textos do pasado ou do presente a cultura de Galicia.

Neste volume, centrado no Romanceiro cantado en Galicia, procurei o contributo da súa mellor especialista, a Profa. Ana Valenciano, que dedicou boa parte da súa vida - non esquezamos que a súa tese de doutoramento foi sobre o Romanceiro Galego, aos estudos deste xénero tradicional e, de forma particular, ás súas manifestacións en terras galegas, sendo o libro que aquí nos ofrece unha versión renovada e sintética, no espírito desta colección, da súa visión do Romanceiro tradicional de Galicia.

Pola xenerosidade a que accedeu ao convite, só podo expresarlle aquí o meu maior agradecemento.

Do mesmo xeito, agradezo a Paula García Rumbo a forma en que colaborou neste proxecto (dotada de competencia e profesionalidade), así como a excelente tradución ao galego do estudo introdutorio preparado pola Dra. Valenciano.

Unha nota final deberá figurar nesta breve presentación. Un conxunto de factores que aquí non caberá desenvolver atrasaron este proxecto editorial. Non obstante, informo que o segundo volume, ao coidado de María Jesús Botana Vilar, dedicado aos campos léxicos e sémicos do sofrimento nas Cantigas de Santa María, xa se encontra no prelo, en avanzado estado de composición. Espero, así, poder, rapidamente, recuperar un proxecto que, desde a súa xestión á súa concretización, xa leva algún atraso.

Servan estas palabras como pórtico ao máis profundo desexo de honrar a relevante cultura dun pobo con características tan propias que, por iso mesmo, tornouse universal.

Pere Ferré

Introdución

O romanceiro tradicional, incluído entre os xéneros que teñen como vía de transmisión a oralidade, remóntase nas súas orixes ao pasado medieval, pero mantívose vivo na memoria dos pobos hispánicos ata hoxe. Por iso é preciso distinguir dous períodos neste xénero poético: o chamado romanceiro vello, documentado en manuscritos, pregos soltos e cancioneiros dos séculos XV a XVII e o romanceiro tradicional moderno, cuxa recollida e posterior publicación se iniciou, primeiro en Portugal e pouco despois en España, entrado xa o século XIX. No interregno, o silencio parecía que acalara as voces dos depositarios do romanceiro, porque só pequenos fragmentos incrustados en obras de teatro ou anotacións dispersas informaban da súa supervivencia.

Se nos situamos xa no que entendemos por etapa moderna, a difusión territorial do romanceiro abarca virtualmente o mesmo ámbito xeográfico que as linguas en que se expresa: castelán, catalán, portugués, galego e sefardí. O romanceiro galego é, por tanto, unha entre as varias ramas do romanceiro pan-hispánico.

Porén, a delimitación de cada unha das ramas do romanceiro ten sempre moito de artificial polo feito de que as fronteiras socioculturais e, en consecuencia, as fronteiras folclóricas non son nunca barreiras na transmisión de novidades.

A sabendas de que a poesía romancística -ao igual que a de calquera outro fenómeno folclórico- non respecta os límites administrativos dunha rexión, por cuestións prácticas (unha delas a limitación de páxinas) circunscribo esta breve publicación ás catro provincias administrativas galegas: Ourense, Pontevedra, Lugo e A Coruña. Dada a cantidade e a calidade dos repertorios romancísticos que nos ofrecen esas catro provincias, non considere necesario recorrer á tradición galega das comarcas veciñas pertencentes a Asturias, León e Zamora, xa que os romances de Galicia, sen ser privativos da rexión, ofrecen tal variedade e riqueza que poden competir, sen desvantaxe, con outras áreas do romanceiro pan-hispánico. É evidente que, coa delimitación proposta, estou seccionando artificialmente un fragmento do romanceiro pan-hispánico, pero Galicia responde a unha realidade constituída polas súas catro provincias e, aínda que as súas fronteiras non respondan a límites etnográficos nin lingüísticos, esta rexión administrativa

é recoñecida por todos como un conxunto unitario separado de Portugal e das provincias españolas que a circundan.

É obvio que a comunidade galega ten unha lingua propia que, aínda que procede do mesmo tronco, difire do castelán. Nesta comunidade lingüística hai (e sobre todo houbo) unha maior irmandade coa área portuguesa, posto que durante boa parte da Idade Media Galicia e Portugal se expresaban na mesma lingua. Con todo, no mundo occidental e en especial no mundo románico, a diversidade lingüística non constituíu unha barreira infranqueable para o goce común dos xéneros de transmisión oral que forman parte desa cultura. A fronteira lingüística non representou un obstáculo para a súa transmisión, non freou, nin antes nin agora, a comunicación. Esta comunicación vese especialmente favorecida cando se trata de linguas irmás como o son a galega, a portuguesa e a castelán cuxas fronteiras poden resultar difusas nas zonas limítrofes. En consecuencia, a lingua non é nin foi unha barreira na difusión do romanceiro. Ben é certo que, do mesmo modo que ocorre nas zonas fronteirizas con Portugal, Galicia relacionase coas comarcas españolas limítrofes, especialmente as de fala galega (excluídas nesta ocasión), como son Os Ancares, e o occidente do Bierzo e de Sanabria (en Asturias, León e Zamora) onde a comunicación se dá entre aldeas contiguas.

Se en Galicia se produce a comprensibilidade do galego e do castelán, é fácil entender que o castelán en que se herda o romanceiro non é considerado como algo alleo. Polo contrario a comunidade galega recibe os poemas, e esa colectividade aproxima e moderniza a lingua poética no mesmo grao e coas mesmas técnicas que se utilizan dentro da área castelá. Se ambas as linguas son consideradas como propias, evítanse, no receptor folclórico, os problemas de “nacionalismo”.

En contra do que pensaba con anterioridade á lectura de todas as versións documentadas en Galicia, hai que afirmar que os romances, salvo contadas excepcións, son cantados e recitados en castelán (salpicado de galeguismos ou de versos ou hemistiquios máis ou menos galeguizados). Aínda que a documentación reunida non me permitise reconstruír o proceso de galeguización, a asimilación lingüística, en maior ou menor grao, á lingua local prodúcese e o proceso non ten límites¹; a proporción entre o compoñente lingüístico castelán e o compoñente lingüístico galego

¹ Para o asunto da galeguización das versións de Galicia, véxase José Luís Forneiro. *El romancero tradicional de Galicia: una poesía entre dos lenguas*. Oiartzun: Ed. Sendoa S.A., 2000 e *Allá em riba un rey tinha una filha. Galego e castellano no romanceiro de Galiza*. Ourense: Difusora de letras, artes e ideas, 2004.

inclínase sempre a favor do primeiro como así mesmo se pronunciaron outros colectores².

En resumo, se partimos do feito de que os romances tradicionais están expresados nunha lingua literaria que é aceptada por todos os sectores da comunidade que os mantivo vivos, o bilingüismo dos transmisores de Galicia non resultou un obstáculo para que sucedese este feito, que se produciu con peculiaridades específicas dentro da sub-tradición de Galicia.

Ademais, cada romance ten a súa propia vida tradicional, dependendo do seu éxito entre os habituais usuarios do xénero. A súa dispersión prodúcese, claro está, mediante a aprendizaxe de versións particulares que representan modos de interpretar narrativa e discursivamente a súa fábula; pero tamén se produce a expansión de fórmulas e de motivos narrativos que poden pasar dunha versión a outra dun mesmo romance, polo que non resultaría posible delimitar con exactitude as fronteiras dun *corpus* rexional como pode ser o de Galicia. En última instancia cabe afirmar que a fronteira lingüística e cultural galega é permeable pola ausencia de fronteiras socio-culturais estables ao permitir que os seus repertorios romancísticos se agrupen de formas cambiantes coas rexións limítrofes.

Aínda que unha boa parte dos romances que se cantaron en tempos pasados nunha zona determinada reaparecen no presente cos mesmos caracteres que tiñan hai moitos decenios, a tradición romancística non permaneceu estática e novas versións e novos motivos e fórmulas continuaron expandíndose e a rebordando as fronteiras que antes tiveron.

Recolección, arquivo e edición dos romances tradicionais de Galicia

Desde finais do século pasado viñéronse recollendo en Galicia algúns romances e ao longo do século XX foise incrementando o *corpus* con decenas, primeiro, e centos, despois, de versións de moi diversos temas que puxeron en evidencia a importancia desta rama da tradición para o conxunto do romanceiro pan-hispánico e a importancia do romanceiro na cultura popular de Galicia. A publicación dos textos recollidos foi lenta e, ata a publicación

² Véxase Dorothe Schubarth e Antón Santamarina. *Cántigas populares*. Vigo: Galaxia, 1983, pp. 27-28.

de *Os romances tradicionais de Galicia*³ non contabamos cunha edición do romanceiro que permitise coñecer a riqueza e variedade da tradición de Galicia no seu conxunto.

A compilación dos materiais para a elaboración dun romanceiro de Galicia ou a de calquera outro *corpus* rexional esixe acudir a tres fontes de coñecemento dos textos con que conta a investigación no día de hoxe: a) As transcricións de campo (ou as súas copias) de versións recollidas polos colectores de romances desde entrado o século XIX ata os nosos días; b) As coleccións xa editadas e as versións soltas, impresas en publicacións de diversa índole; e c) As versións conservadas na memoria dos portadores e re-creadores de tradición.

3 Ana Valenciano coa axuda de José Luis Forneiro, Concha Enríquez de Salamanca e Suzanne Petersen. *Os romances tradicionais de Galicia. Catálogo exemplificado dos seus temas*. Madrid-Santiago de Compostela: Publicacións de investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro-Fundación Ramón Menéndez Pidal, 1998.

1. Arquivos con textos manuscritos

1.1 O Archivo Menéndez Pidal/Goyri

Desde que a finais do século pasado se inicia a recolección dos romances tradicionais de Galicia, as versións recollidas polos investigadores de campo que nos precederon foron parar a unha pluralidade de arquivos públicos e privados de Madrid e Galicia. (Destes materiais, só unha parte chegou a ser impresa).

Entre os varios arquivos romancísticos existentes hoxe en día, o arquivo creado por don Ramón Menéndez Pidal e a súa esposa, María Goyri, é, sen dúbida, o máis importante, pero dada a diversidade da procedencia dos textos, o riquísimo fondo documental deste arquivo resulta un tanto desequilibrado. Dese desequilibrio peca tamén a recolección de Galicia iniciada a comezos do século pasado e que chega ata 1936, pois procede, predominantemente, de certas comarcas de Ourense e Lugo. Con todo, a colección Menéndez Pidal / Goyri é, hoxe por hoxe, se non a máis abundante en número de textos (en comparación co posteriormente gravado e publicado), si a máis completa da tradición romancística de Galicia.

A data de recolección dos textos romancísticos reunidos non coincide necesariamente coa da súa incorporación ao mencionado arquivo, iniciado a comezos do século XX. O número de versións galegas conseguidas na primeira etapa da súa constitución resulta bastante escaso en comparación co doutras sub-áreas do romanceiro pan-hispánico pois, dos 1.523 textos contabilizados con anterioridade ao 22 de outubro de 1909⁴, só unha ducia se identifica como procedente da tradición galega⁵. Estas versións, excepto

4 De todo iso dáse conta no informe redactado por D[iego] C[atalán] *et al.* "Diez años de estudios sobre el Romancero: El proyecto Description, Editing and Analysis of the Pan-Hispanic Romancero" en *Romancero e Historiografía medieval. Dos campos de la literatura cultivados en el Seminario Menéndez Pidal*. Fund. Arecos-Fund. Menéndez Pidal, 1988, pp. 37-44.

5 Estas versións foron consignadas nunhas listas que se conservan no mesmo arquivo. Cada texto vén identificado polo primeiro hemistiquio, a asonancia e o título, se se trata dun romance coñecido con anterioridade. En caso contrario, especificase: "sin clasificar". Ao comezo da lista Menéndez Pidal anota: "Eran estos (1902)".

unha⁶, son de Armesto, na provincia de Lugo, e foron anotadas nunha primeira recitación por Juan Menéndez Pidal (1858-1915) e, nunha segunda emisión, polo propio Ramón Menéndez Pidal. En data posterior ao mes de outubro de 1909 deberon chegar ao arquivo algúns textos lucenses de Castelo de Frades, moi interesantes pola súa rareza, pertencentes á colección de Bernardo Acevedo e Huelves (Boal, Asturias, 1849-1920), recollidos entre 1892 e 1893⁷. Tamén a esta etapa inicial da recolección galega corresponden algunhas versións illadas da colección de Víctor Said Armesto (Pontevedra, 1871, Madrid, 1914) que chegaron a mans de Menéndez Pidal por vía indirecta.

A recollida de romances ourensáns da comarca de Viana do Bolo, levada a cabo polo que se chamaba a si mesmo “humilde folclorista” Alfonso Hervella Courel (Viana do Bolo, 1886, Palencia, 1949), quedou finalizada antes do mes de xullo do ano 1909⁸, data en que presentou a súa colección, en forma editable e precedida do seu correspondente prólogo, á *Exposición Regional Gallega*⁹. Segundo consta no *Romancero hispánico*¹⁰, Menéndez Pidal recibiu a citada colección ese mesmo ano. As 136 versións adxudicadas a Hervella no estudo de Menéndez Pidal coinciden coa última cifra do índice que acompañaba a colección, excluídas as 11 versións non numeradas do último apartado que o colector denominou “Fragmentos”. Case todos os textos desta colección pertencen ao máis xenuíno romanceiro tradicional, se exceptuamos algunha versión de outros xéneros pararrromancísticos de tema relixioso, algunha canción infantil e o romance de prego tardío, *Rosaura la de Trujillo*, cunha linguaxe poética que non alcanzara o rango tradicional, malia que na actualidade contemos con versións tradicionais doutras sub-áreas

6 A facilitada a Ramón Menéndez Pidal por Guillermo Leyva durante a súa estancia en Valparaíso. Trátase dun texto do romance infantil *Don Gato* rematado con *No me entierren en sagrado* en que o colector anota: “Variante de Guillermo Leyva Roquer, gallego, estando de cónsul en Valparaíso, abril 1905”.

7 Contamos cunha lista de man de María Goyri en que escribe: “Romances gallegos de Castelo de Frades recogidos por D. B. Acevedo” que inclúe sete temas: *El moro cautivo*, *La esposa de don García*, *El conde Grifos Lombardo*, *El conde Claros en hábito de fraile*, *Gerinaldo*, *El discípulo amado* e *Nochebuena*. (O citado como “Abenámar” corresponde ao romance que denominamos *El moro cautivo*); á mesma colección pertence a versión de *La vuelta del navegante* non incorporado á listaxe.

8 Esta colección non se publicou ata época recente.

9 Inaugurada en Santiago polo rei Alfonso XIII, o día 25 de xullo e clausurada o 30 de novembro do mesmo ano.

10 R. Menéndez Pidal. *Romancero hispánico (Hispano-portugués, americano y sefardí: Teoría e historia*. Vol. II. Madrid: Espasa-Calpe, 1953, p. 389.

do romanceiro. Esta colección ourensá, agora publicada a partir doutra copia depositada no seu día no Museo de Pontevedra¹¹, supera os setenta romances diferentes, representados desigualmente por máis dunha centena de versións, polo que pode ser considerada, cualitativa e cuantitativamente, como unha das contribucións máis importantes ao estudo do romanceiro. Dado que a exploración se levou a cabo nos primeiros anos deste século, encontramos nesta compilación relatos documentados por primeira vez na rexión xunto a romances dos que non volvemos ter noticia nin na zona investigada por Hervella nin en ningunha outra parte de Galicia.

De 1910 data un reducido, aínda que substancioso, repertorio de romances recollido por Ramón Menéndez Pidal (cando realizaba as súas enquisas dialectolóxicas do ástur-leonés na aldea asturiana de Villapedre) de boca do mendigo Manuel Díaz (alias Pascual), oriúndo de Burón (Lugo), que, nesa data, tiña 88 anos¹².

O reducido número de textos que contén a colección coruñesa de Noia, reunida cara a 1913 polo padre Eladio Oviedo Arce (1864-1918) vese compensado polo interese que ofrecen algunhas das mostras nela documentadas. A principios dos anos vinte, tamén entraron a formar parte do Archivo Menéndez Pidal/Goyri uns poucos textos de Lavandeira (Lugo) facilitados por Concha Albín (criada residente en Madrid) a Gonzalo Menéndez Pidal, fillo de don Ramón.

A mediados dos anos vinte parece corresponder a colección reunida polo avogado palentino Alejo Hernández, constituída por versións de procedencia varia, aínda que a maior parte dos informantes deberon ser entrevistados na Coruña, onde residiu o colector; nalgúns casos trátase de textos proporcionados por amigos ou coñecidos de Hernández que se recollen circunstancialmente de informantes de Lugo ou Ourense. A colección, de letra do colector, gardada no Archivo Menéndez Pidal /Goyri, ía precedida dun prólogo (que tamén se conserva no citado arquivo); ao pé de cada un dos textos anotouse posteriormente a data 1924-1925.

Os 76 romances que, segundo indica Menéndez Pidal, lle foron entregados en 1924¹³, (data que non concorda con exactitude coa apuntada nas versións), corresponden ao total dos textos numerados polo colector. Os criterios aplicados por este compilador á hora de reunir a súa colección non

11 Véxase n. 63.

12 Este informante foi entrevistado de novo en 1920, na mesma localidade, por Casimiro Cienfuegos, ao que repetiu unha parte do repertorio comunicado a Menéndez Pidal

13 R. Menéndez Pidal, ob. cit. Vol. II, p. 329

foron “demasiado” selectivos no que se refire á tradicionalidade dos poemas, pois nela teñen acollida algunhas refundicións artificiosas e un certo número de poemas que tampouco cabe considerar como romances tradicionais. En total contabilízanse unhas 45 mostras que corresponden a trinta romances tradicionais distintos: varias versións do tema histórico *Isabel de Liar*, romances relixiosos, xocosos e infantís, un romance vulgar, e un certo número de versións do romanceiro máis folclorizado, xeralmente coñecido en varias sub-tradicións do romanceiro pan-hispánico.

O groso da espléndida colección galega reunida polo dialectólogo Aníbal Otero Álvarez foi recollido en diversos lugares da comarca da Fonsagrada (Lugo) entre 1928 e 1931. O colector, que nacera en Barcia (Ribeira de Piquín, A Fonsagrada) en xaneiro de 1911, morreu aos 63 anos na mesma localidade¹⁴. En 1931 recolleu algúns textos illados na Coruña e, posteriormente, en 1934, 1944 [1948 e 1953] envioulle a Menéndez Pidal algunhas mostras romancísticas de Ourense, Lugo e Pontevedra (anotadas estas últimas durante o seu período de reclusión, por causas políticas, no cárcere de Pontevedra). Inexplicablemente, Menéndez Pidal non fai ningunha referencia á extraordinaria colección de Aníbal Otero na epígrafe que dedica á tradición oral moderna de Galicia no seu *Romancero hispánico* cuxa primeira edición se publicou en 1953¹⁵. Por outra parte, na *Enciclopedia Gallega*, editada relativamente hai pouco, alúdese a esta compilación nos seguintes termos:

(...) Recogió, antes de 1936, una buena colección de romances
(en gran parte en castellano) que Menéndez Pidal, que la apreciaba
mucho, cita alguna vez (...)¹⁶.

14 Entre 1926 e 1936 estudou Filosofía e Letras en Madrid e entrou en contacto con Ramón Menéndez Pidal e Tomás Navarro Tomás quen moi pronto o incorporaron ao proxecto de investigación referente ao “Atlas Lingüístico de la Península Ibérica”, *ALPI*, proxecto desenvolvido no Centro de Estudios Históricos. Cando empezou a Guerra Civil encontrábase realizando enquisas dialectolóxicas en Portugal (1936): tras unha arenga a favor do goberno de Madrid nunha localidade portuguesa, as autoridades salazaristas do país veciño entregárono en Tui ás autoridades franquistas (que xa ocuparan a zona fronteiriza). Condenado inicialmente á pena capital, que lle foi conmutada, continuou en prisión ata o mes de maio de 1941. En 1953, despois dunha negociación de Menéndez Pidal co C.S.I.C., continuou coas investigacións do *ALPI*.

15 Esta incomprendible omisión puido, se cadra, obedecer a que, cando Menéndez Pidal sacou os datos referentes ás coleccións galegas para a elaboración do *Romancero hispánico* (1953), as versións enviadas por Aníbal Otero non estivesen aínda incorporadas ás carpetas temáticas do arquivo consultadas por don Ramón para a elaboración do seu estudo.

16 *Gran Enciclopedia Gallega*. Ed. S. Cañada. Santiago-Xixón, 1974, fasc. XXIII, p.450.

O número total de romances achégase aos cen, documentados nunhas 150 versións, que, na súa maioría, veñen expresadas nun discurso de gran calidade poética. Os temas representados na colección pertencen aos varios sub-repertorios romancísticos, posto que nela se inclúen tanto poemas de vello arraigamento como outros que se tradicionalizaron na época máis recente: épicos e históricos, carolinxios, cabaleirescos, de orixe trobadoresca, temas amplamente difundidos na tradición pan-hispánica, romances vulgares, xocosos e infantís e poemas relixiosos cristolóxicos e marianos. Algúns dos romances recollidos por Aníbal Otero non volveron ser documentados de novo, polo que, aínda hoxe, seguen a ser testemuño único da supervivencia deses temas na comunidade galega.

A colección de romances de Galicia dos musicólogos Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay, tamén incorporados ao Archivo Menéndez Pidal/Goyri, proceden das provincias de Lugo, Ourense e A Coruña e foi reunida durante varias campañas levadas a cabo entre os anos 1928 e 1932 (con algunhas excepcións). Esta ampla colección, que incluía outros textos de transmisión oral pertencentes a xéneros diversos, foi o resultado dun proxecto de investigación, promocionado desde o Centro de Estudios Históricos, para a elaboración do Cancionero Musical de Galicia¹⁷, aínda que no arquivo só se conserva un certo número de textos en que se anotaran as correspondentes melodías. Outras anotacións musicais quedaron nos arquivos do centro¹⁸. A colección Bal/Torner do arquivo contén unhas cen versións duns cincuenta romances diferentes; dezasete destes romances non están documentados na colección de Aníbal Otero, pero a maioría dos textos e “tipos” de versións (en especial os que proceden da comarca da Fonsagrada en *Lugo*) coinciden cos reunidos polo dialectólogo na mesma etapa colectora.

O volume dos materiais de procedencia galega que se incorporaron ao Archivo Menéndez Pidal / Goyri despois do comezo da Guerra Civil (excluídas as versións enviadas por Aníbal Otero) é moi escaso. As contribucións redúcense a algunhas versións illadas da provincia de Lugo, enviadas a Menéndez Pidal en 1945 e 1949 por Amada López de Kerschofen, e a uns poucos textos, fragmentarios na súa maioría, que o escritor Ramón

17 Os materiais reunidos con anterioridade á Guerra Civil publicáronse, parcialmente, corenta anos despois. (Véxase n. 46)

18 A partir dos materiais que quedaron no centro preparouse a edición do *Cancionero gallego* aparecido en 1953; tamén se conservan no Arquivo Menéndez Pidal Goyri as copias manuscritas, de letra de Torner, das versións do *Cancionero* de Casto Sampedro publicadas en 1942 xunto coas correspondentes melodías. (Véxase n. 46)

Cabanillas lle remite a don Ramón en torno aos anos cincuenta. Despois do falecemento de Menéndez Pidal (1968) engadíuselle ao arquivo a copia dalgúns textos da colección reunida en 1979 pola investigadora norteamericana Julia Moldoff.

Segundo se desprende da descrición das distintas coleccións de Galicia conservadas no Archivo Menéndez Pidal / Goyri, o volume das achegas acaada o medio milleiro de textos e, como xa mencionei, as contribucións de maior amplitude numérica e maior riqueza temática corresponden ás provincias de Lugo e Ourense, onde se exploraron, con desigual intensidade, certas áreas ou certas localidades concretas por circunstancias particulares.

O estudo polo miúdo da documentación almacenada no Archivo Menéndez Pidal/Goyri mostra que as comunidades lucenses de maior interese, no que se refire á conservación da tradición romancística, eran as situadas ao leste da provincia, en áreas limítrofes con Asturias e León. Os repertorios de romances do concello de Meira, das localidades de Barcia, Soutelo e Cuiñas (no concello de Ribeira de Piquín), de [Pobra de] Burón, Cerdeira, Logares, Penamaior, San Martiño de Suarna e Fonsagrada (concello da Fonsagrada) e de Vilaseca e Negueira de Muñiz (concello de Negueira); vilas e aldeas situadas arredor da comarca da Fonsagrada son os de máis destacado interese. Outros excelentes focos de tradición, ao sur da Fonsagrada, foron as aldeas de Armesto (concello de Becerreá), Baralla e Castelo de Frades, que linda coa provincia de León. Finalmente, no ángulo sudoccidental da provincia, cabería salientar a localidade da Cova (do concello de Saviñao) e a aldea de Tuiriz, da que non sabemos con seguridade se é a pertencente ao concello de Taboada ou a pertencente ao de Pantón, que linda con Ourense.

Os repertorios de maior riqueza de Ourense procedían así mesmo dunha área que foi intensamente explorada, a comarca de Viana do Bolo, situada ao leste da provincia, que linda con León. Destácanse nela os textos procedentes das aldeas de Palleirós (do concello de Manzaneda) e das de Rubiás e Penouta (do concello de Viana do Bolo); nun segundo lugar, cabería resaltar as mostras obtidas en Casdenodres e Espiño (do concello da Veiga), Quintela do Pando, San Román, San Estevo e Solveira (do concello de Viana) e o concello de Rubiá; algo máis ao oeste, San Mamede de Edrada (concello Vilarinho de Conso) e Paradaseca (concello Chandrexa de Queixa). Tamén ofrecen bastante interese as versións recollidas en Castromao (concello da Veiga) e Portomourisco (concello Petín). Un último núcleo, algo afastado dos anteriores, encóntrase en Vilarдемilo do concello de Verín, que linda con Zamora.

Os romances máis interesantes da provincia da Coruña foron documentados en tres puntos de enquisa bastante distantes entre si: o concello de

Muxía, na costa noroccidental da provincia, o de Noia, ao fondo da ría de Muros, e o de Melide, no sueste, que linda con Lugo.

Este arquivo conserva así mesmo un grupo de textos de Galicia en que non se consignou a orixe dos informantes, polo que non foi posible saber a provincia de onde proceden as versións.

1.2 Outras coleccións inéditas accesibles.

Xunto ao Archivo Menéndez Pidal/Goyri, o máis completo en canto a materiais escritos inéditos do romanceiro de Galicia, hai que ter en conta outros arquivos, públicos e privados, onde se conservan textos da sub-tradición galega.

Grazas ás pescudas do meu colega Jesús Antonio Cid, obtivemos noticias de varias coleccións, entre as que figuran a Colección Murguía e a Colección de La Iglesia, custodiadas pola Real Academia Galega, a Colección Lojo Batalla, que, xunto aos textos da Colección Sampedro, están no Museo de Pontevedra, e a Colección Saco e Arce, conservada pola súa familia¹⁹.

Unha importante colección foi a reunida polo erudito Víctor Said Armesto a principios do século XX²⁰. En 1919, Armando Cotarelo aludía xa a esta notable colección que, segundo o seu testemuño, puido ver “en mans do seu autor uns anos antes”²¹.

19 Véxase n. 30

20 Algunhas versións recollidas por Víctor Said Armesto chegaron ao Arquivo Menéndez Pidal / Goyri a través de Juan Menéndez Pidal.

21 Armando Cotarelo Valledor. “Romancero popular gallego”. *Ultraya*. (revista quincenal de cultura galaica) I, Santiago (1, xullo 1919), p.33, n.1.

2. As edicións do romanceiro de Galicia

Por mor da limitación de espazo, cinguireime, neste apartado, a destacar o máis particular e relevante no proceso editorial dos repertorios de romances documentados en Galicia e a informar das fontes impresas que, ao meu xuízo, resultan máis significativas.

En tempos pasados a publicación de romances realizouse cunha parsimonia que contrastaba coa maior actividade desenvolvida noutras sub-tradicións do romanceiro e, por regra xeral, os primeiros editores consideráronse autorizados para manipular e retocar as versións romancísticas como o fixeran os seus antecesores do século XVI. Omitiron case sistematicamente os nomes dos informantes e aplicaron criterios de corrección anti-tradicionais que deformaron, en maior ou menor grao, os orixinais chegados ás súas mans. A aparencia romántica de que se reviste a maior parte dos poemas nese período inicial da edición moderna responde á moda imperante nese momento da historia da literatura que nada ten que ver coa evolución dos estilos orais. Por outra parte, a valoración folclórica, expresión á súa vez dun certo nacionalismo político, predominou sobre a filolóxica.

A publicación de textos romancísticos ocorre nun contexto marcado por un renacer tardorromántico do interese polo folclore, do que é unha clara mostra o florecemento de sociedades folclóricas rexionais, como as impulsadas por Antonio Machado Álvarez en Andalucía; por Emilia Pardo Bazán en Galicia; por Vicente Arana no País Vasco e por Juan Menéndez Pidal en Asturias.

No caso do romanceiro galego, a manipulación de certos editores de textos non se limitou ao retoque das mostras extraídas da tradición oral. En Galicia, as posicións nacionalistas dun bo número de editores, representadas polo destacado polígrafo galego Manuel Murguía (1833-1923)²², levaron á erudición local a realizar accións extremas para demostrar a especificidade do galego, como foi a de deformar sistematicamente a realidade mesturando subrepticamente, cos auténticos romances transmitidos secularmente

22 Para a manipulación mencionada véxase o traballo dun dos máis destacados especialistas no romanceiro, experto coñecedor da tradición galega: Jesús Antonio Cid. "Nacionalismo y poesía popular. Manuel Murguía y la invención de un romancero gallego apócrifo". *E.L.O.*, 11-12 (2005-2006), pp. 51-72.

de xeración en xeración polos portadores-recreadores do saber tradicional, poemas artificiosos libremente elaborados por eles mesmos. Estes textos espurios pasaron unha e outra vez á letra impresa como se se tratase dun produto da cultura popular. Entre os casos máis destacados de falsificacións cabería citar o romance denominado “Doña Ausenda”, refeito sobre a base dun poema tradicional (*El conde Claros en hábito de fraile*); outros, como “A doncela encantada” e “A pena de dona Constanza”, carecen de todo apoio na tradición²³.

A maioría dos romances tradicionais de Galicia ata hoxe editados procede de campañas de recolección indiscriminada de xéneros varios difundidos por transmisión oral, en que o romanceiro queda relegado a un lugar secundario. As coleccións antigas cun número apreciable de romances tradicionais tiveron, por outra parte, que superar múltiples contratemplos antes de ser recollidos en letra impresa, polo que, durante moito tempo non foron accesibles ao público lector. Estes feitos, xunto ao rexeitamento que nos círculos nacionalistas galegos provocaba a “castellanidad” das versións dos romances recollidos da tradición oral, deu lugar a que o romanceiro de Galicia permanecese, ata os anos corenta, nun estado latente e que se dera por feito a súa aparente inferioridade fronte a outras ramas do romanceiro pan-hispánico, ao faltar coleccións de romances editados equiparables ás que xa neses anos representaban a outras sub-tradicións como a portuguesa, a catalá, as de dominio lingüístico castelán ou a sefardí.

En resumo, os romances tradicionais de Galicia fóronse publicando moi lentamente e en forma dispersa, aínda que, durante a etapa recolectora que chega ata os anos corenta, algúns estudosos se preocuparon de reunir información co fin de informar sobre o conxunto dos materiais romancísticos documentados e trataran de atraer o interese dos diversos colectores de campo coa intención de editar, en forma coordinada, as coleccións inéditas existentes.

Os primeiros romances que se publicaron foron dous textos fragmentarios, incluídos por Manuel Murguía na súa *Historia de Galicia* (1865)²⁴, que os expulsou da obra na seguinte edición aparecida trinta e seis anos despois²⁵ ao tempo que afirmaba:

23 Véxase D. Catalán *et al.* *Teoría general y metodología del Romancero pan-hispánico. Catálogo General descriptivo. CGR. I.A.* Madrid: Seminario Menéndez Pidal, 1984, pp. 29-30 (véxase tamén p. 31).

24 Vol. I. Impr. de Soto Freire, p. 571 e ss.

25 *Historia de Galicia*. Coruña: Librería de Eugenio Carré, 1901

Aquí, en este país (...) puede decirse que carecemos de verdadero romance, como si quisiese decir de esta manera nuestro pueblo, que algo profundo e insuperable le separa del resto de la nación (...)»²⁶.

Sen chegar a abandonar nunca as súas formulacións nacionalistas, o erudito coruñés modificaría posteriormente algúns aspectos extremos das súas aseveracións, pero a súa posición de 1901 seguirá sendo reiterada por un sector da investigación das tradicións orais galegas e convertida en obxecto de crítica por quen defende o pan-hispanismo do romanceiro.

Mentres tanto, en 1873, Adolfo Coelho reproduciu dúas versións galegas de tema relixioso na revista *Romania*²⁷ e, poucos anos despois, nas páxinas desa mesma revista, Milá y Fontanals publicou un interesante artigo, “De la poesía popular gallega”, onde daba noticia de todos os textos romancísticos galegos que coñecía²⁸. Como contrapunto á tallante afirmación de Murguía, Milá escribía referíndose aos romances:

Si juzgamos por las muestras que hemos reunido, no abundan en Galicia; más por esto admitimos que haya en este pueblo una repugnancia innata hacia un género tan natural y difundido²⁹.

Obviamente, nos xéneros difundidos por oralidade, a carencia de documentación nun momento dado non constitúe unha proba definitiva de inexistencia, pois é un feito de sobra coñecido que só se recolleu unha mínima parte do que existe.

Nunha nota preliminar, Milá deu as claves que permiten coñecer a procedencia de todos os textos que, baixo a epígrafe de romances, cita ou reproduce no seu estudo. Os primeiros redúcense aos xa publicados por Murguía e Coelho e a dous breves fragmentos. Os editados ao final do estudo constitúen xa un repertorio de sete temas diferentes representados por oito versións. En resumo, nas datas en que aparece o traballo de Milá (1877), a tradición de Galicia estaba representada por trece versións (incluídos os fragmentos) de once romances tradicionais.

26 *Ibíd.* p. 256.

27 “Romances galiciennes”. *Romania*, 2 (1873), 259-260.

28 *Romania*, 6 (1877), pp. 47-75 (Repr. en *Obras Completas de D. Manuel Milá y Fontanals*. Coleccionadas por D. Marcelino Menéndez y Pelayo, vol. V, “Opúsculos”, 2ª serie, 1893, p. 363-399).

29 *Ibíd.*, pp. 369-70.

No tempo en que Milá preparaba o seu artigo, o presbítero ourensán Saco e Arce compilaba materiais para a súa colección de “coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos”; os textos recollidos encontrábanse xa debidamente organizados e listos para a imprenta en 1881, ano en que morre o colector, e algunhas coplas das colecciónadas polo erudito tiveron acollida no *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos de Ourense* (1910-1924), pero non se publicou romance ningún e a colección permaneceu inédita ata máis de cen anos despois da morte do compilador³⁰.

Pouco despois da morte do presbítero Saco e Arce, entre 1885 e 1886, José Pérez Ballesteros incluíu algún texto romancístico na obra, en tres volumes, *Cancionero popular gallego* que carece de melodías³¹, pero, a excepción do romance de *La mala suegra*, o resto das versións romancísticas publicadas por Pérez Ballesteros procede do traballo de Milá.

En 1885, publicouse o *Cuestionario del Folk-lore Gallego*³² no que, en palabras do estudoso portugués Theófilo Braga, “ja se indicam os principaes romances tradicionaes, uns locaes (...), outros tomados os typos a investigar das colleccións portuguezas”.

A esta primeira etapa corresponde tamén a importante compilación de Casto Sampedro y Folgar, quen, ao longo duns trinta e cinco anos, reunira unha substancial colección, constituída por xéneros varios de tradición oral, para o seu proxectado Cancionero Musical de Galicia, entre os seus materiais contábase un amplo número de romances. Porén, estes materiais non foron publicados ata 1942 (seis anos despois da morte do colector), polo que me referirei a eles máis adiante.

En 1909, encontrábase tamén listo para a súa publicación o *corpus* de versións ourensás reunidas por Alfonso Hervella Courel (ao que aludín ao referirme aos materiais galegos do Archivo Menéndez Pidal / Goyri), pero Hervella só chegou a publicar en vida tres versións, que apareceron en 1913 no boletín *Vida gallega*³³ e sete textos romancísticos moi retocados nunha obra denominada *El libro de los portentos* (Ourense, 1911, e pasaron máis

30 Esta colección foi publicada por un parente do colector en *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos. Recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce*. Ed. e estudo preliminar Juan Luis Saco Cid. Ourense: Deputación Provincial de Ourense [1987].

31 *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña*. 3 vols. Madrid: Ricardo Fé, 1885-1886.

32 *Establecido en la Coruña el 29 de diciembre de 1883*. Madrid: Ricardo Fé, 1885.

33 *Vida Gallega*, ano 5, (1913), vol. IV, núms. 45 (30 set.), 46 (20 oct.) e 47 (10 nov.) s. p.

de cen anos para que esta excelente colección vira a luz baixo o título de *Romances populares gallegos recogidos de la tradición oral*³⁴.

Ao longo dos anos trinta, os romances tradicionais galegos seguíanse publicando devagar; entre as coleccións que daquela viron a luz destaca a incluída nunha monografía de carácter etnográfico dedicada á *Terra de Melide* (editada polo Seminario de Estudos Galegos) que reúne unha vintena de textos romancísticos de bastante interese³⁵. A iso cabe engadir a publicación, en 1930, dalgúns romances da colección de Aníbal Otero incluídos polo propio colector en dous xornais lucenses, *Ahora* e *Guión*, de escasa difusión³⁶.

A indixencia de textos impresos do romanceiro de Galicia comeza a paliarse a principios dos anos corenta, cando se publican os materiais compilados entre 1884 e 1924 por Casto Sampedro y Folgar³⁷. O *Cancionero Musical de Galicia* inclúe unha introdución do editor Xosé Filgueira Valverde, cun amplo estudo da música tradicional galega e un esclarecedor capítulo que describe a historia e características da colección Sampedro. Entre os principais colaboradores de don Casto destacan Santiago Tafall, Ramón de Arana e Víctor Said Armesto. O núcleo fundacional da colección está constituído por melodías que proceden da provincia de Pontevedra anotadas polo propio Sampedro, pero, a partir de 1895, a colección empeza a nutrirse de materiais procedentes das catro provincias galegas chegadas a mans do compilador por vía indirecta. As 473 melodías de que consta a obra están agrupadas no segundo volume. No primeiro, edítanse os textos na mesma orde e baixo o mesmo número que as melodías correspondentes.

O *corpus* editado baixo o apartado de "Romances" abarca 35 poemas de asunto profano (algúns dos cales aparecen impresos por primeira vez) e unha quincena de versións de tema relixioso aos que hai que engadir dous romances xocosos, incluídos baixo o apartado de "Aradas" e "Cantares de ciego". As once entradas ou números descritos baixo a categoría de "Romances de ciego" carecen do correspondente texto. Salvo no caso

34 Alfonso Hervella Courel. *Romances populares gallegos recogidos de la tradición oral*. Ed. Ramón Mariño Ferro e López Bernárdez, Carlos. Baiona (Pontevedra): Nigratrea, 2011.

35 Risco, Vicente e Amador Rodríguez Martínez. "Folklore" en *Terra de Mellide*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos, 1933, pp. 425-535.

36 "Aportaciones de la tradición gallega al Romancero", *Ahora*, 30 marzo, 13, 20 e 27 abril e *Guión*, 11 e 18 de maio e 8 e 22 de xuño (1930).

37 *Cancionero Musical de Galicia. Colección de la Sociedad Arqueológica de Pontevedra*. Reunido por Casto Sampedro e Folgar. Reconstitución, introdución e notas bibliográficas, José Filgueira Valverde. 2 vols. Madrid: "El Museo de Pontevedra", 1942. (Reimpr. facs.: A Coruña: "Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1982).

dos romances relixiosos, os temas están representados por versións únicas, entre as que, lamentablemente, abundan os textos incompletos. Esta colección de romances incluída no *Cancionero Musical* constituíu, a partir da súa publicación en 1942, o primeiro *corpus* importante do xénero reunido ata esa data nunha publicación, considerada no seu día por don Ramón Menéndez Pidal como “preciosa aportación a la tan poco cultivada tradición gallega”³⁸.

A primeira publicación de envergadura dun romanceiro xeral de Galicia, que trata de dar acollida ao conxunto de romances galegos documentados na rexión, cristaliza a finais dos anos cincuenta cando o estudoso Lois Carré Alvarellos publica o seu *Romanceiro popular galego*³⁹. O que, segundo as súas propias palabras, se propoñía o editor era “mais bem, un labor de divulgazón do que estamos moi necesitados, axuntando num volume o material coñecido”⁴⁰. Para realizar este propósito, Carré serviuse de “versións espalladas pol-as publicazóns mais diferentes”, versións achegadas por “bos amigos” e outras recollidas por el⁴¹; un total de 147 textos pertencentes a 73 temas e 6 “trechos de romances” agrupados ao final da publicación. A edición vai complementada cunha lista bastante completa das principais coleccións (publicadas e inéditas) das que Carré ten noticia ata a data de publicación do seu *Romanceiro*⁴². Aínda que ao estudo preliminar se incorporaron algunhas transcripcións musicais, o interese primordial da publicación radica, nesta ocasión, na edición dos textos.

Os criterios aplicados por Lois Carré á selección e edición dos textos víronse evidentemente condicionados por unha actitude marcadamente nacionalista que reivindicaba un romanceiro representado prioritariamente por temas supostamente orixinados en Galicia e por versións en lingua vernácula. Unha vez estudados detidamente os textos publicados no *Romanceiro popular galego*, pódese afirmar que un bo número deles non son romances tradicionais (algúns pertencen ao artificioso “romanceiro galego”, obra de eruditos), mentres quedan, en cambio, sistematicamente excluí-

38 *Romancero Hispánico*. Vol. II. Madrid: Espasa Calpe, 1953, p. 329.

39 *Romanceiro popular galego de tradizón oral*. “Comiso de Etnografía e História” XVI. Porto: Junta de Provincia do Douro Litoral, 1959. Traballo galardado co premio Padre Feijóo do Centro Galego de Bos Aires no ano 1955.

40 p. 6 *Ibíd.*

41 No “Limiar” do seu *Romanceiro* (pp. 8-9), Carré consigna o nome dos colectores e editores xunto ao número de “pezas” que chega cada un deles (incluído o propio Carré)

42 *Ibíd.* pp. 48-53.

das (cando non foron artificiosamente galeguizadas) as actualizacións de romances que, pese a non estar en lingua galega, constitúen unha parte esencial do patrimonio cultural conservado polas comunidades de Galicia. Malia tan importantes reservas, non se pode negar un mérito ao esforzo realizado por Lois Carré Alvarellos quen ten no seu haber a autoría da primeira publicación de carácter xeral dedicada exclusivamente ao acervo romancístico de Galicia.

En 1957 comezaron a publicarse algúns dos romances galegos reunidos no Archivo Menéndez Pidal / Goyri nunha obra cuns criterios editoriais que diferían substancialmente das publicacións de carácter rexionalista ás que se vén aludindo: a serie do Seminario Menéndez Pidal, *Romancero tradicional de las lenguas hispánicas*, *RTLH*, que conta xa con doce volumes (1957-1985), proxecto pidalino que pretende a edición de todos os romances tradicionais coñecidos ata o presente en todas as súas versións antigas e modernas, publicadas e inéditas, organizadas tematicamente. O número de versións galegas incorporadas nos doce volumes editados ata o momento na mencionada serie é de 71. Dado o seu carácter exhaustivo, o *RTLH*, acolle tanto os textos inéditos procedentes de diversos arquivos como aqueles que foron impresos con anterioridade⁴³. En 1982, apareceu impresa a obra *Voces nuevas del Romancero castellano-leonés* que inclúe unha ducia de textos lucenses recollidos durante a enquisa Norte 77 do Seminario Menéndez Pidal⁴⁴.

43 *Romancero Tradicional de las Lenguas Hispánicas (Español, portugués, catalán, sefardí). Romanceros del rey Rodrigo y bernardo del Carpio*. Vol 1. Eds. R. Lapesa, D. Catalán, A. Galmés e J. Caso. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1957 (13 versións). *Romanceros de los condes de Castilla y de los infantes de Lara* Vol. 2. Eds. D. Catalán et al. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1963 (1ver.). *Romances de tema odiseico*, I. Vol. 3. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1969 (8 vers.). *Romances de tema odiseico*, 2 e 3, Vols. 4 e 5. Eds. D. Catalán et al. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1970, 1971-72; *Gerineldo, el paje y la infanta*, 1. Vol. 6. Eds. D. Catalán, J. A. Cid. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1975. *Gerineldo, el paje y la infanta*, 3. Vol. 8. Eds. D. Catalán et al. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1976 (28 vers.). *Romancero rústico*. Vol. 9. Eds. Antonio Sánchez Romeralo coa colaboración de Ana Valenciano et al. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1977 (5 vers.). *La dama y el pastor. Romance. Villancico. Glosas*, 1. Vol. 10. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1977 (2 vers.). *La muerte ocultada*. Vol 12. Ed. Beatriz Mariscal. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1984-1985 (14 vers.).

44 Edición a cargo de S. H. Petersen. *Encuesta Norte-1977 del Seminario Menéndez Pidal*. Preparada por J. A. Cid, F. Salazar e A. Valenciano. Coa colaboración de B. Fernández e C. Vega. 2 vols. Madrid: Seminario Menéndez Pidal e Gredos, 1982.

Pasados catorce anos desde a publicación do *Romanceiro* preparado por Lois Carré, publicouse, por fin, o *Cancionero Gallego* de Eduardo Martínez Torner⁴⁵ e Jesús Bal y Gay cunha parte dos materiais que, en 1936, se encontraban arquivados no Centro de Estudios Históricos⁴⁶.

Os criterios de estruturación desta obra aseméllanse aos adoptados para o *Cancionero Musical de Galicia* de don Casto Sampedro que pode ser considerado como o seu antecedente máis inmediato; ao primeiro volume encóntranse incorporadas 753 músicas; o segundo, que contén os textos, vai precedido dunha "Introdución" onde o editor alude á posible perda dunha boa parte das melodías e "de datos importantes".

O *Cancionero Gallego* ofrécesenos organizado en seccións de contido moi diverso⁴⁷. Os textos romancísticos encóntranse nas súa maioría na sección de "Narrativas", onde se edita unha trintena de romances distintos representados algúns por diferentes versións; varios textos do repertorio relixioso caen na sección de "Aguinaldos" e en "Labores y Oficios", *La bastarda y el segador* e *Marinero al agua*. A maior parte dos romances publicados procede da provincia de Lugo e A Coruña; as de Ourense e Pontevedra apenas se encontran representadas⁴⁸.

Os anos oitenta inauguráronse cunha publicación que inclúe materiais de xéneros diversos recollidos neste caso nunha área limitada á Terra Chá (Pol, Lugo)⁴⁹; de novo os romances encóntranse escasamente representados por algunhas versións do repertorio relixioso e un reducido número de poemas de tema profano.

O ritmo editor dos romances de Galicia comezou a incrementarse ostensiblemente cando empezaron a publicarse os resultados dun valioso proxecto de carácter etno- musicográfico dedicado á investigación dos xéneros populares de transmisión oral en amplas zonas das catro provincias galegas

45 O ilustre musicólogo Eduardo Martínez Torner falecera en Londres en 1955 (vinte e dous anos antes da publicación do *Cancionero*)

46 Eduardo Martínez Torner e Jesús Bal y Gay. *Cancionero Gallego* 2 vols. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1973.

47 "Aguinaldos", "Alalás", "Bailes diversos", "Mayos", etc.

48 Algunhas actualizacións de romances que se conservan na súa integridade nas copias de Bal y Torner reunidas no Archivo Menéndez Pidal/ Goiry aparecen mutiladas na publicación; iso débese sen dúbida a que, para a edición, unicamente se contaba co fragmento anotado no seu día nas "fichas" baixo a transcripción musical correspondente. Non teño noticia de que se fixese ningunha xestión para consultar os fondos conservados no mencionado arquivo.

49 Isaac Rielo Carballo. *Cancioneiro da Terra Chá (Pol)*. Sada-A Coruña: Edic. do Castro, 1980. ("Cuadernos del Seminario de estudios cerámicos de Sargadelos", núm. 35).

e nalgunhas comarcas da chamada Galicia exterior. As diferentes tarefas requiridas para o desenvolvemento do proxecto estiveron a cargo da musicóloga suíza, especializada en folclore, Dorothé Schubarth e do profesor da Universidade de Santiago Antón Santamarina⁵⁰. Malia tratarse de publicacións en que, como en casos anteriores, se prima o interese polas melodías que acompañan os xéneros populares galegos, os textos romancísticos ocupan nelas unha posición moi destacada.

No primeiro dos traballos publicados ata hoxe, titulado *Cancioneiro galego de tradición oral*⁵¹, reuníronse os materiais obtidos nas enquisas realizadas principalmente nas zonas costeiras do noroeste e norte de Galicia e no interior da provincia de Lugo entre 1978 e 1980: a el incorporáronse nove textos romancísticos na sección de “Romances” (dous deles de Galicia exterior) e algún outro de Natividade e Reis na sección de “Aguinaldos”. Ao se referiren ás melodías que acompañan os romances e fronte á opinión vertida por Casto Sampedro cando afirmaba que “nunca tuvieron importancia las melodías de los romances”⁵², Schubarth e Santamarina sinalan que:

Os tonos das historias e dos aguinaldos son dos materiais máis preciosos que levamos encontrado durante o noso traballo de investigación de campo. Entre eles aparecen as melodías máis arcaicas⁵³.

Máis adiante os editores manifestan as súas reservas sobre a inclusión dos romances actualizados en castelán e castrapo nunha obra denominada *Cancioneiro galego*, xustificando a súa actitude coa afirmación:

De todas maneiras aquí, aparte da letra está tamén a música que é do máis galego e precioso que se presenta neste cancionero⁵⁴

50 A Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa (patrocinadora da edición do *Cancionero* de Bal e Martínez Torner, 1973, e da reedición de 1982 do de don Casto Sampedro) apadriñou, desde un principio, o proxecto deste novo cancionero que, no seu conxunto, representa unha importante contribución ao acervo cultural do pobo galego.

51 A Coruña: Fundación P. Barrié de la Maza, 1982.

52 Véxase n. 36.

53 *Cancioneiro galego de tradición oral* p. 8.

54 *Ibídem* p.27. Recoñezo non entender os termos da citada contraposición entre letras e músicas, posto que, neste caso, ambas pertencen á área do folclore, onde as fronteiras ou límites culturais son sempre imprecisos.

En 1983 publicaron un segundo volume, de carácter antolóxico, baixo o título de *Cantigas populares*⁵⁵, cunha parte dos materiais recollidos desde 1980 complementada con textos e melodías impresos con anterioridade en obras doutros editores; este volume contén quince versións inéditas de trece romances tradicionais coas súas correspondentes melodías, procedentes, na súa maioría, das provincias de Lugo e Ourense, ademais de varios romances relixiosos de Nadal documentados na Coruña e Pontevedra.

En 1984, Dorothé Schubarth e Antón Santamarina editaron dous tomos dedicados a *Oficios e Labores* – que constitúen o primeiro volume dunha importante serie denominada *Cancioneiro Popular Galego*⁵⁶– que contén xa un substancial número de romances.

Dous anos máis tarde, en 1986, apareceu o segundo volume do *Cancioneiro Popular Galego*, subdividido así mesmo en dous tomos, dedicados nesta ocasión a textos e melodías relacionados coas *Festas anuais*⁵⁷, onde encontramos unha nutrida representación de romances predominantemente relixiosos, ao que cabe engadir, na sección de “Santos”, dúas actualizacións do tema histórico, ritualizado como canto petitorio, *La merienda del moro Zaide*.

Malia as reservas manifestadas en 1982 por Schubarth e Santamarina sobre a inclusión nun cancionero galego dos romances actualizados en lingua castelá, o terceiro volume do *Cancioneiro Popular Galego* apareceu en 1987 baixo o título xenérico de *Romances tradicionais*⁵⁸ e os editores recoñeceron que o repertorio da sub-tradición galega “forma parte do romanceiro hispánico, do que practicamente non se distingue. A nosa colección, polo tanto –engaden– non aporta materiais novos senón que é unha documentación de como participa o pobo galego no romanceiro peninsular”⁵⁹. Os poemas editados neste terceiro volume (aos que cabería engadir os romances dos volumes I, II e os dos volumes IV e V aos que aludirei máis adiante) constitúen unha contribución moi importante para o conxunto dos estudos do romanceiro pan-hispánico e para os da sub-área galega en particular. A maioría dos temas romancísticos están representados por un consistente número de versións que proceden das provincias de Lugo, Ourense

55 Vigo: Galaxia, 1983.

56 *Oficios e labores*, tomo 1: Melodías, tomo 2: Letra. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1984.

57 *Festas anuais*, tomo 1: Melodías, tomo 2: Letra. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1986.

58 A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1987.

59 *Ibidem* [p. 265].

e A Coruña, esta última escasamente representada; como cabería esperar, o maior volume de versións corresponde aos romances máis difundidos, pero, xunto aos romances ben coñecidos, aparecen outros de extraordinario interese ou escasamente representados en Galicia. En resumo, o volume dedicado aos *Romances* contén máis de corenta temas tradicionais diferentes recollidos en tres das catro provincias galegas, cun total de 217 versións das que só unha trintena proceden da Galicia exterior.

Aos dous últimos volumes do *Cancioneiro Popular Galego* aparecidos en 1988⁶⁰ incorporáronse novas versións de romances: no apartado do volume IV dedicado a "Romances tradicionais" que reúne un total de 142 mostras. No volume V só se incluíron tres versións do romance infantil *Hilo de oro* no apartado de "Xogos".

Coincidindo casualmente co ano en que ven a luz os *Romances tradicionais* editados por Schubarth e Santamarina, onde se nos ofrece unha significativa mostra do estado relativamente actual da tradición romancística galega, publicouse a colección do presbítero ourensán Saco e Arce reunida con anterioridade a 1881⁶¹. Os romances publicados foron profusamente documentados en Galicia, e, a maior parte deles, corresponden ao romanceiro relixioso. Unha vez máis, o volume dos textos romancísticos resulta bastante desequilibrado se o comparamos co doutros *corpus* representativos de xéneros populares de transmisión oral incluídos na mesma obra, á que, por exemplo, se incorporaron dúas mil coplas en lingua galega ou castelá.

Finalmente, e ante a necesidade dunha descrición completa dos temas do romanceiro conservados na tradición oral de Galicia, unha rexión de gran riqueza no que se refire ao xénero, fíxenme cargo da elaboración e publicación do *Catálogo exemplificado* de *Os romances tradicionais de Galicia*⁶² (libro que serviu de fonte para a presente contribución). Trátase dunha obra dedicada especificamente á descrición da totalidade do acervo romancístico conservado nas catro provincias galegas no que se ofrece unha ou varias

60 Vol. IV. *Romances novos, cantos narrativos, sucesos e coplas locais*, tomo 1: Melodías, tomo 2: Letra. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1988 e vol. V. *Cantos dialogados*, tomo 1: Melodías, tomo 2: Letra. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, 1988.

61 Véxase n. 30.

62 Foi tema seleccionado para a miña tese doutoral: Valenciano López de Andujar, Ana. *Los romances tradicionales de Galicia: Catálogo ejemplificado de sus temas*. 2 vols. Dirixida por don Rafael Lapesa Melgar e presentada en 1994 no Departamento de Filoloxía Románica (Facultade de Filoloxía), Universidade Complutense de Madrid. Revisada, adaptada e actualizada, publicouse en 1998. Véxase n. 3.

mostras de cada tema romancístico (230 versións distintas, inéditas na súa maioría cando se publicou), identificado cun título que aspira a ser definitivo, e se inventaría a práctica totalidade dos comezos das manifestacións do romance documentadas en Galicia, con obxecto de facilitar a busca dos textos que aínda permanecen arquivados na memoria colectiva de portadores de tradición; complétase con varios índices concibidos coa intención de facilitar o manexo das fichas descritivas de cada romance.

En 2011 ve a luz, por fin, a colección recompilada por Alfonso Hervella con anterioridade a 1909, *Romances tradicionales de Galicia recogidos de la tradición oral*⁶³, que mantén fielmente a estrutura, organización e denominación dos romances da copia da colección conservada no Museo de Pontevedra.

Pouco máis se publicou desde a aparición da monumental obra de Schubarth e Santamarina, e do *Catálogo exemplificado*, excepto unha substancial colección reunida por Anabel Amigo⁶⁴, iso si, delimitada ás aldeas dos concellos de Cervantes e de Pedrafita que, desde atrás, mostraron gran riqueza no que se refire ao mantemento do romanceiro; malia que non todas as versións editadas responden ao que entendemos por romance tradicional e algunha delas proceda de informantes entrevistados polos equipos de recolectores do Seminario Menéndez Pidal achega textos de vello arraigamento e boas versións de repertorios máis difundidos.

Aínda que continúa o interese polo estudo do romanceiro de Galicia no que ocupa un destacado lugar o profesor da Universidade de Santiago José Luis Forneiro, autor de numerosas obras, libros e artigos, sobre o romanceiro de Galicia e sobre a lingua en que se expresa⁶⁵, non teño noticia da publicación recente de novas coleccións galegas de consistencia.

63 Alfonso Hervella Courel. *Romances populares gallegos recogidos de la tradición oral*. Ed Ramón Mariño Ferro e López Bernárdez, Carlos. Baiona (Pontevedra): Nigratrea, 2011.

64 Amigo, Anabel. Ed. *Flor de romances de Cervantes e Pedradita*. Santiago de Compostela: Follas Novas (Libros de Frouma), 2001.

65 Véxase n. 1

3. As enquisas galegas do Seminario Menéndez Pidal

Desde o ano 1977 en diante, os investigadores do Seminario Menéndez Pidal, *SMP*, (coa axuda de múltiples colaboradores), exploramos, nunha serie de campañas de recolección, unha pluralidade de comarcas españolas co fin de gravar os romances de transmisión oral que eran coñecidos nelas. Aínda que de curta duración -entre oito e dez días cada unha- o seu carácter intensivo fixo posible que o caudal e cantidade dos romances obtidos superasen con moito as expectativas máis optimistas, a pesar de que, e malia a riqueza dos textos conseguidos, se puido constatar que o romanceiro de transmisión oral se encontraba nunha situación que se podería cualificar de terminal, pois moi probablemente os grandes portadores de tradición entrevistados constitúen o último elo dunha cadea plurisecular á que a xuventude das novas xeracións xa non engadirá outro máis.

O interese pola tradición oral de Galicia, que fora bastante investigada no primeiro terzo do século XX, decaeu ostensiblemente tras a Guerra Civil coa clausura das campañas de recolección de romances e cancións propiciadas polo Centro de Estudios Históricos da *Junta para Ampliación de Estudios y Actividades Científicas*. A investigación do romanceiro galego de tradición oral deixou de ser considerada como un proxecto de interese nacional e, en consecuencia, quedou circunscrita á actividade ocasional dalgúns poucos eruditos que traballaban en forma illada. Por iso, cando a finais dos anos setenta, o Seminario Menéndez Pidal reiniciou as mencionadas campañas de recolección, o reducido número de textos documentados en Galicia nos corenta anos anteriores non permitía facer prognósticos sobre o estado de conservación desta rama da tradición romancística.

3.1 Primeiros tentos

Entre as rexións exploradas no curso destas enquisas sitúase Galicia, rexión en que se levou a cabo unha primeira sondaxe (SO de Lugo) no verán de 1977 por parte de Diego Catalán e Jesús Antonio Cid que exploraron algunhas localidades do concello de Cervantes e do de Taboada (xa próximo á provincia de Pontevedra), onde recolleron algunhas mostras dunha decena de romances aínda que bastante deterioradas.

Obtivéronse mellores resultados nas dúas últimas xornadas (4 e 5 de xullo) da que denominamos enquisa Norte 80 (dedicada principalmente á exploración do occidente de León e Asturias). Un dos equipos, do que formaba parte un colector procedente de Portugal, ocupouse de explorar a tradición oral dalgunhas localidades da comarca de Viana do Bolo en Ourense⁶⁶ onde, a comezos de século, se testemuñara unha gran riqueza romancística. Isto serviu basicamente para confirmar a permanencia da tradición nas aldeas de Viana do Bolo, máis de setenta anos despois de que Alfonso Hervella explorara a mesma comarca, e á vista dos mencionados resultados organizáronse a campaña de 1981 (dedicada parcialmente a Galicia) e as de 1982 e 1983 orientadas xa especificamente á investigación da tradición galega.

3.2 As enquisas Norte 81, NO 82 e Galicia 83

No verán de 1981, a exploración da tradición galega foi concibida xa como unha parte fundamental da enquisa polo que a base operacional se situou, intencionalmente, en Ponte de Sanabria (Zamora), lugar próximo á fronteira lingüística galega. Iso non só permitiu explorar algunhas zonas do occidente de Zamora e do suroeste de León de lingua galega senón continuar a investigación iniciada o ano anterior en 27 aldeas e vilas do norte de Ourense; recolléronse en torno a catrocentas versións (incluídos os fragmentos).

A enquisa NO 82 dedicouse case exclusivamente a Galicia e a súa base operacional situouse na localidade do Barco de Valdeorras, no interior da provincia de Ourense. En total participaron na recolección 29 investigadores que actuaron repartidos en pequenos equipos de composición variable de acordo coas normas institucionalizadas nas campañas anteriores. A zona galega investigada correspondeu de novo a algunhas localidades da provincia de Ourense (en comarcas situadas máis ao interior de Galicia que as investigadas en 1981) e ás aldeas do sur da provincia de Lugo (seras do Courel e Trapa e vales de Quiroga e Lemos, basicamente). En total recolléronse romances en 84 localidades (55 en Ourense e 29 en Lugo) e graváronse arredor de 1.400 versións duns 80 temas (incluídas no cómputo as versións fragmentarias).

66 Compoñían o equipo: Pere Ferré (Portugal), Amelia García Valdecasas (España), Madeline Sutherland e Laurie Thomson (USA). Gravaron 3 cintas cunhas 30 versións.

Finalmente, e tendo presentes os resultados da recolección galega do verán de 1982, organizouse no verán seguinte a enquisa Galicia 83. A base operacional desta enquisa situouse de novo no interior de Galicia, esta vez en Guitiriz, localidade situada no extremo occidental de Lugo, lindando coa Coruña, co propósito de explorar o norte e centro das provincias de Lugo e A Coruña e poder alcanzar incluso algunhas aldeas do leste de Pontevedra. Participaron nela 34 investigadores de variada procedencia, entre eles tres profesores de Portugal⁶⁷. A máis importante colleita de romances recollidos en 1983 é a procedente do oeste de Lugo, provincia na que se gravaron unhas 1.400 versións en 151 localidades. Aínda que se exploraron varias comarcas da Coruña, en xeral esta provincia mostrou posuír unha tradición bastante empobrecida (só se gravaron romances en 34 aldeas). En Pontevedra, a onde só ocasionalmente chegaron os equipos enquisadores, recolléronse algunhas mostras de romances en Carballeda e Castelo (Lalín) e en Lago e Río (Golada). En resumo, as 189 localidades en que se recolleron romances permitiron gravar 92 cintas cun total de 1.924 versións.

Dito o anterior, e aínda que sempre resulta arriscado cualificar, en forma definitiva, o estado en que se encontra a tradición nunha área determinada, o alto número de textos reunidos nas enquisas galegas mostra a riqueza romancística da tradición de Galicia que, a comezos dos anos oitenta seguía sendo unha zona privilexiada no que se refire á conservación dos romances.

Os materiais galegos procedentes das enquisas galegas entraron a formar parte do Archivo Sonoro del Romancero, (*ASOR*) e foron identificados e transcritos na súa totalidade⁶⁸. A importancia concedida a Galicia nas enquisas destes anos respondeu á existencia dun proxecto para o cal se solicitaría apoio en España e Portugal: a elaboración dun romanceiro xeral de Galicia, en paralelo co estudo que se estaba por entón realizando da compoñente portuguesa do romanceiro pan-hispánico por parte de moi diversos especialistas, que, como se sabe, deron abundantes froitos. Este proxecto, aínda que integrado e ligado co estudo en conxunto do romanceiro pan-hispánico,

67 Vanda Anastasio, (actualmente profesora da Universidade de Lisboa), Pere Ferré e José Joaquim Dias Marques (da do Algarve).

68 A transcripción da maior parte dos fondos galegos do *ASOR* estivo a cargo, a partir de 1984, de José Luís Forneiro, actualmente profesor titular na Universidade de Santiago de Compostela.

tivo en si mesmo entidade suficiente como para esixir un esforzo conxunto de varios investigadores⁶⁹.

Ás cintas que conteñen romances de Galicia hai que sumarlles os resultados dalgunhas enquisas particulares realizadas por membros ou colaboradores do seminario doadas ao *ASOR*. Á parte quedan algunhas versións proporcionadas por informantes galegos no transcurso de entrevistas feitas fóra de Galicia.

69 A colaboración entre os especialistas na investigación da tradición romancística portuguesa e os investigadores do *SMP*, que viña de atrás, complementouse, a partir de 1980, coa elaboración de plans conxuntos de investigación sobre o romanceiro ibérico patrocinados polas Acciones Integradas Hispano-portuguesas (dependentes en España do Ministerio de Educación e Ciencia) 1984-1988, continuando en estreita relación a través da organización de sucesivos encontros científicos.

4. Cómputo final

O total dos textos romancísticos da tradición oral de Galicia de que teño noticia aproxímase aos 7.000, incluídos no cómputo os textos gravados (uns 4.200), manuscritos (uns 500) e impresos (arredor de 2.100). Neste inxente número de versións encóntranse representados 166 romances tradicionais, unha vez apartados aqueles poemas transmitidos oralmente que aínda non adquiriron plenamente a linguaxe tradicional ou carecen dos trazos distintivos que caracterizan o xénero.

Cómpre engadir que o acervo romancístico do país galego non se limita ao mantemento dos poemas de maior avoengo, pois deu acollida a moitos romances de tradicionalización relativamente recente que, ás veces, adquiriron unha linguaxe formularia de tal complexidade e riqueza que en nada ten que envexar aos máis antigos. Encontrámonos, por tanto, ante unha tradición tematicamente conservadora que recreou romances esquecidos ou escasamente documentados noutras ramas do romanceiro pan-hispánico, e, ao mesmo tempo, innovadora, ao apropiarse de novos repertorios, que conviven cos máis vellos na memoria dos depositarios de tradición de Galicia.

Porén, o cotexo dos temas romancísticos reunidos nas últimas enquisas galegas cos reunidos no Archivo Menéndez Pidal/Goyri e os xa publicados, ofrece uns datos que evidencian a irreversible decadencia en que se encontran os poemas tradicionais de transmisión oral. Se ben é certo que o número de novas versións do Archivo Sonoro del Romancero (*ASOR*) supera con moito o medio milleiro de textos conservados en papel, no vello arquivo iso non se corresponde en absoluto co número de romances distintos que se encontran representados nun e outro arquivo: 129 no *ASOR*, 150 no Archivo Menéndez Pidal/Goyri. Ademais dos 115 romances coincidentes cos rexistrados, total ou parcialmente, nas enquisas do Seminario Menéndez Pidal (1977-1983), o mencionado arquivo contén unha ou varias mostras de 35 temas ausentes do *corpus* galego do *ASOR* e apenas representados nas publicacións referentes ao romanceiro galego; á constatación deste feito creo necesario engadir que, unha boa parte dos 35 temas romancísticos “desaparecidos” hoxe en Galicia, son poemas de vello arraigamento tradicional que están escasamente documentados no conxunto da tradición pan-hispánica.

4.1 Ordenación dos temas

A organización e clasificación dun *corpus* romancístico non é tarefa sinxela. A diversidade de criterios aplicables deu como resultado a imposibilidade de lograr unha clasificación definitiva, de encadrar cada unha das fábulas romancísticas, contadas ás súas versións, nunha categoría única, aceptable pola comunidade de especialistas.

Esbozáronse clasificacións desde un punto de vista antropolóxico, que tenden a considerar como un todo unitario o conxunto dos textos oralizados conservados por unha determinada comunidade. Tamén é difícil que desde a etnografía se poida dar resposta global a un problema que supere as taxonomías funcionais restrinxidas ás escasas áreas de traballo ou ritual (cancións de sega, rapas, aguinaldos, etc.) en que os romances están presentes.

A consideración dos romances como obxectos literarios levoume a ordenar a totalidade dos romances documentados en Galicia combinando criterios diversos: dun lado atendeuse á relación entre a tradición moderna e a do romanceiro antigo, pois considérou un aspecto fundamental no estudo literario do romanceiro pan-hispánico; por outro lado, tívose en conta a temática das fábulas; e, en fin, tamén se considerou de interese agrupar os textos polas súas peculiaridades discursivas. O resultado da combinación destes criterios levoume á seguinte organización:

A primeira sección está constituída polo *Romanceiro histórico e cabaleiresco*, no que os dous primeiros bloques, *históricos e carolinxios*, abarcan romances que fan referencia, respectivamente, a feitos da historia ou lenda hispana e aos de temática carolinxia ou francesa. O terceiro, romances *cabaleirescos*, reúne un grupo de textos en que é moi evidente a dependencia do sistema de valores cabaleiresco da sociedade medieval. O último acolle un conxunto de romances *líricos e trobadorescos*. Desde as máis antigas edicións do romanceiro en pregos soltos e romancerillos ocuparon unha posición importante textos que desenvolvían unha temática grata aos poetas de cancionero do século XV e do século XVI.

Na segunda sección, *Romanceiro novelesco*, recorreuse a criterios temáticos para a súa organización, utilizando as grandes categorías aceptadas, en liñas xerais, na publicación dos últimos romanceiros rexionais: “La conquista amorosa”, “Amor fiel”, etc.

Considerei oportuno separar, na sección terceira, dous tipos de romances, os *burlescos e xocosos* e os *infantís*, que, tanto pola súa función como pola especialización dos seus transmisores, constitúen verdadeiros sub-xé

neros dentro do romanceiro, con características, tanto temáticas como formais, perceptiblemente diferentes.

Na cuarta sección, dedicada ao *Romanceiro vulgar*, agrupáronse tanto os romances sobre sucesos profanos como aqueles que teñen implicacións relixiosas. Uns e outros teñen en común unha linguaxe poética en xeral reminiscente de orixe máis tardía dos seus prototipos literarios e apártanse tamén na temática dos vellos por tratar de “sucesos, lances, e historias admirables”, contido que xustifica o cualificativo de “vulgar” con que se designa esta sección.

Por último, o *Romanceiro relixioso* reduciuse ao cristolóxico e mariano, pois unha maioría dos romances con ese contido ten orixe antiga e utiliza a mesma linguaxe poética que o romanceiro tradicional profano de vello avoengo co cal se liga, nunha maior parte dos casos, a través do feito de que os romances sacros son *contrafacta* doutros vellos profanos.

Ante a imposibilidade, por cuestións de espazo, de ofrecer unha mostra de todos os temas documentados na comunidade galega incluídos no *Catálogo exemplificado*, límiteme a dar a listaxe completa dos romances de Galicia coas súas correspondentes asonancias (os títulos precedidos de asterisco non están documentados na súa integridade), para, a continuación, ofrecer unha breve selección antolóxica destes.

5. Romances conservados na tradición oral de Galicia

I ROMANCEIRO HISTÓRICO E CABALEIRESCO

Históricos: 1 Don Rodrigo abandona la batalla (ía); 2 Penitencia del rey don Rodrigo (í.a); 3 El hijo póstumo (á-a); 4 La condesa de Castilla traidora (é-o); 5 *Por el Val de las Estacas (ía); 6 Cabalgada de Peranzules (é-o); 7 Isabel de Liar (á); 8 Muerte del maestre de Santiago (á-o); 9 La merienda del moro Zaide (á-o); 10 Muerte del príncipe don Juan (á-a)

Carolinxios: 11 *Floresvento (á); 12 La caza de Celinos (á); 13 Pérdida de don Beltrán (á); 14 Valdovinos sorprendido en la caza (á); 15 Belardo y Valdovinos (í-a); 16 Grimaldos desterrado y nacimiento de Montesinos (á); 17 Gaiferos libera a Melisenda (á); 18 *El conde Claros preso (á); 19 El conde Claros en hábito de fraile (á); 20 *Aliarda(á)/ (ó-e + í-a); 21 El conde Dirlos (á-[á-e]); 22 El conde Grifos Lombardo (á-o); 23 * La condesa de traidora (í-o)

Cabaleirescos: 24 El caballero burlado (í-a); 25 La infantina (í-a); 26 El conde Niño (ó); 27 Gerineldo (í-o); 28 El conde Alarcos (í-a); 29 El veneno de Moriana ((í-o); 30 Virgilio ((é); 31 *La infanta preñada (á-a); 32 La infanta parida (á-a); 33 La nodriza del infante (á-a); 34 La princesa peregrina (á); 35 El conde sentenciado se despide de su mujer (á); 36 La amante del príncipe maldecida (á-a); 37 La esposa de don García (í-a)

Líricos e trobadorescos: 38 La bella en misa (ó); 39 *El Prisionero (ó-e); 40 No me entierren en sagrado (á-o); 41 *Pregunta a un ermitaño (í-a); 42 *Tristán e Iseo (á-a); 43 Ay, un galán de esta villa (á-a)

II. ROMANCEIRO NOVELESCO

A conquista amorosa: cortexo, sedución, rapto: 44 La bastarda y el segador (á-a); 45 La doncella guerrera (ó+estrof.); 46 La dama y el pastor (estrof.); 47 La mujer del pastor (ó) 48 La Serrana de la Vera (é-a); 49 La Gallarda (í-a); 50 El ciego raptor (hexas. polias.); 51 La apuesta ganada (á); 52 la mártir de su honra (í-a); 53 Una fatal ocasión (í-a); 54 Santa Irene (6+6, á-a + estrof.) / (7+7, á-a + estrof.) / (8+8, á-a + é-o); 55 Ricofranco (é); 56 El moro cautivo (í-a)

Amor fiel, amores desgraciados, amores contrariados: 57 Novia abandonada del conde de Alba (í-a); 58 El Quintado (é-a); 59 La aparición de la enamorada (í); 60 ¿ Dónde vas Alfonso XII? (polias.); 61 Don Alejo muerto por traición de su dama (í-a); 62 La monja por fuerza (é-o); 63 El cautivo del renegado (é-a)

Rupturas familiares: desamor, adulterio, incesto, a mala sogra: 64 La bella malmaridada (í); 65 Me casó mi madre (hexas. í-a); 66 Albaniña (ó); 67 Bernal Francés (í); 68 Fuga de la adúltera (í); 69 Tamar (á-a); 70 Silvana (í-a); 71 Delgadina (á-a); 72 Blancaflor y Filomena (é-a); 73 La mala suegra (á); 74 Casada de lejas tierras (hexas. é-a)

A familia reafirmada: reencontro, anagnórise, reconstrucción: 75 La vuelta del navegante (á); 76 La Condesita (â); 77 Las señas del esposo (á-a + í) / (í-o) / (é-a) / (é); 78 Flores y Blancaflor (í-a); 79 La hermana cautiva (hexas. í-a) / (í-a); 80 La muerte ocultada (í-a); 81 La buena hija (â); 82 Sufrir callando (í-o)

Romances devotos, milagres: 83 La Virgen romera (é-a); 84 La flor del agua (á-a); 85 La devota de la Virgen en el yermo (í-a); 86 La cabrera devota elevada al cielo (á-a); 87 Los sacerdotes piadosos, la pastora y la Virgen (á-o); 88 El cura sacrílego (ó); 89 El idólatra de María (ó-a); 90 Marinero al agua (á-a); 91 Santa Catalina (á-a); 92 El alma en pena peregrina a Santiago (í-a); 93 El alma que dejó apagar la candela (á)

III. ROMANCEIRO BURLESCO E INFANTIL

Romances burlescos e xocosos: 94 Adúltera con un "gato" (á-a); 95 La devota del fraile (á-a); 96 El cura pide chocolate (á-a); 97 El molinero y el fraile (é); 98 El vendedor de nabos (á-o); 99 La merienda de las tres comadres (é); 100 *Pregunté si había cena (ó); 101 Maravillas do meu vello (á); 102 La loba parda (á-a)

Romances infantís: 103 Don Gato (á-o); 104 Mambrú (heptas. á); 105 Hilo de oro (é); 106 Muerte del galán (-á)

IV ROMANCEIRO VULGAR

Cativos e renegados: 107 Los cautivos Melchor y Laurencia (é-a); 108 La renegada de Valladolid (á-a),

Amores desgraciados, amores contrariados: 109 *La rueda de la fortuna (é-a); 110 Toros y cañas (á-a); 111 Soldados forzadores (í-a); 112 Madre,

Francisco no viene (á-a); 113 Diego León (á-a); 114 La difunta pleiteada (í-a); 115 Celos y honra (á-a)

Adulterio: 116 Los presagios del labrador (é-a); 117 La infanticida (é-a); 118 Fuga de la malcasada (á-e);

Aventuras, acontecementos trágicos: 119 El mozo arriero y los siete ladrones (é-o); 120 Los mozos de Monleón (pareados + á-o); 121 El guapo Luis Ortiz (á-o); 122 El ventero asesino y el labrador (é-o); 123 El pastor defiende la honra de su hija (á-o)

Aparecidos, almas en pena: 124 El galán y el convidado difunto (é-a); 125 Difunto penitente (é-a); 126 El alma romera libera a su marido (á-e)

Intrigas do demo: 127 El cordón del diablo (é-a); 128 La mala hija que amamanta al diablo (é-o); 129 Madre que maldice a su hijo (é-o); 130 El criado del diablo: Juan de Navalla (á-a)

Sacrilexios, milagres: 131 El robo del Sacramento (á-o); 132 *Penitencia del hermano incestuoso (í-o); 133 La comulgante sacrílega (á-o); 134 Cristo testigo (é-o); 135 El soldado y la monja (á-a); 136 Seducida, salvada por el rosario (á-o); 137 La hermana í-a)avarienta (í-a); 138 La cruz de los ángeles (á-o); 139 Revelación de la simple de la huerta (é-a); 140 Los niños quemados en el horno (ó); 141 Santa Teresa niña quiere ser mártir (7 + 7 á)

V ROMANCEIRO RELIXIOSO

Nacemento e vida de Cristo: 142 La galera de Cristo (á), 143 Nochebuena (hexas. á-a); 144 Pobreza de la Virgen recién parida (í-a); 145 Adoración de los Reyes (í-a) / (é-a) / (á-o) / (á) / (hexas. estróf.) / (hexas. zéjel); 146 La Sagrada Familia hospedada generosamente (á-a); 147 El castillo de la Virgen (í-a); 148 La Virgen anuncia al Niño su pasión y gloria (ó); 149 Dolor de la Virgen en el portal de Belén (ë-a); 150 La Virgen y el ciego (é); 151 El Niño perdido se recuesta en la cruz (é-a); 152 Madre, a la puerta hay un niño (estróf.); 153 Los judíos quieren crucificar al Niño Jesús (á); 154 La fortuna de la Samaritana (á-a); 155 Jesucristo dice misa (á)

Paixón de Cristo: 156 Por las almenas del cielo (é-a); 157 ¿Cómo no cantáis la bella? *A lo divino* (é-a); 158 El discípulo amado (á-a); 159 El rastro divino (á-o) / (á-a); 160 *Quejas de la Magdalena (á-a); 161 La Virgen vestida de colorado (á-o); 162 El monumento de Cristo (á-o)

Cristo e a Virxe no mundo: 163 El labrador caritativo (í-a); 164 Cristo mendigo y la posadera despiadada (á-a); 165 El ateo (í-a); 166 La toca de la Virgen y el alma pecadora (é-o)

ANTOLOXÍA

I. ROMANCEIRO HISTÓRICO E CABALEIRESCO

HISTÓRICOS

El hijo póstumo (á-a)

Versión de CUIÑAS (parr. Piquín, concello de Ribeira de Piquín, ant. Meira, p. x. Fonsagrada, *Lugo*). Bernardo García Pérez, 60 anos. Recollido por Aníbal Otero Álvarez [1929].

Hoy se marcha nuestro rey de Madrid para Granada;
2 también se marchó la reina de nueve meses preñada.
Índose por el camino encontró con gran batalla;
4 toda era gente negra, cristiana non era nada,
Y a la buena de la reina le dan una puñalada,
6 y le sacan un niño vivo por en medio de una illarga;
y lo fueran bautizar a la iglesia más cercana,
8 y de padrinos le dieran una gente muy honrada:
o santo Cristo de Burgos y la Virgen soberana;
10 y lo dieran a criar a una niña que allí estaba,
delgadita de cintura y algo morena de cara.
12 Medráballe máis nun día que o outro nunha semana.
Al cabo de nueve meses regía capa y espada,
14 y al cabo de nueve años era rey por toda España.

Cabalgada de Peranzules (é-o)

Versión de POBRA DE BURÓN (concello e p. x. Consagrada, *Lugo*). Manuel Díaz a. Pascual, mendigo de 98 anos (en 1920). Recollido por Ramón Menéndez Pidal en 1910 e por Casimiro Cienfuegos en 1920. Archivo Menéndez Pidal / Goyri.

En Madrid se hizo una torre, la más alta de Toledo,
2 hízola el rey don Fernando, pagóla con su dinero;

echóle siete ventanas, ademés un miradero.
 4 Púsose en el alto de ellos a mirar el río Duero.
 Por esas calles de Francia vide vir un caballero,
 6 si ligero es el caballo, mucho más el caballero.
 Atrás de él vinía outro: —Y aguárdame, moro perro,
 8 esos cautivos que llevas mi padre es el delantero,
 los demás son mis hermanos, yo de ellos soy el más nuevo;
 10 dame los cautivos, moro, sen rescate ni dinero,
 se no me los quieres dar, ia las armas, moro perro!
 12 —¡A las armas, cristianillo, a las armas non che hei miedo!—
 Mientras las armas duraron, el moro juega a arriero;
 14 desque las armas quebraron, el moro cayó en el suelo.
 —Dame los cautivos, mouro, sen rescate nin dinero,
 16 si non me los quieres dar, ia la lucha, moro perro!
 —¡A la lucha, cristianillo, a la lucha non che hei miedo!—
 18 Y a los primeros encuentros el moro cayó en el suelo.
 —Dame los cautivos, mouro, sen rescate nin dinero.
 20 Demás te doy tres moliendas que tengo en el río Duero;
 una muele grano de oro, otra muele blandas d'hierro,
 22 y otra muele harina blanca de que come el moro perro.

Muerte del príncipe don Juan

Versión de PARADASECA (concello de Chandrexa de Queixa, p. x. Pobra de Trives, *Ourense*). Camila Núñez Rodríguez. 68 anos. Recollida por Aníbal Otero Álvarez [Dec. 1934]. Archivo Menéndez Pidal / Goyri.

¡Tristes nuevas, tristes nuevas, que se suenan por España!
 2 Nuestro rey, que Dios haiga, está muy malito en cama,
 que tembla unas calenturas que le traspasan el alma.
 4 Siete doutores lo cuidan de los mejores de España;
 todos lo cuentan de vida, solo uno que callaba.
 6 —¿Qué dice, señor doutor, qué dice usted que le haga?
 —Yo digo que se confiese y que gobierne su alma;
 8 tiene tres horas de vida, hora y media va pasada.—
 Estaba en estas razones y su padre que llegaba.
 10 —¿Qué haces, hijo mío, para ir a la batalla?
 —Si peleara con los moros, padre mío, no se me daba,
 12 pero peleo con la muerte, es lo que más recelaba.—

- Estaba en estas razones y su madre que llegaba.
 14 —¿Qué hace usted aquí, mi madre, le suplico una palabra;
 cuenta, cuenta, con mi esposa, ela queda embarazada;
 16 se troujese mujer hembra que sea reina de España,
 se troujese hombre varón, mi corona le dejaba.—
 18 Estaba en estas razones y su esposa que llegaba.
 —¿Dónde vienes, mi esposa, dónde vés que tanto tardas?
 20 —Vengo de aquella ermita, capilla de Santa Clara,
 vengo de pedir a Dios y a la Virgen soberana
 22 que a mí me dé boa fortuna y a ti te erga de esa cama.
 —Eu erguer, heime de erguer, ha de ser pra terra estraña;
 24 tengo tres horas de vida, hora y media va pasada.—
 Juntaron rostro con rostro, juntaron cara con cara,
 26 tantas eran las lágrimas, que toda a cama regaran;
 pasaran siete colchones y siete sábanas de holanda.
 28 —¡Ay triste de mi, cuitada, que pasé la mar salada
 con seiscientos caballeros, todos de capa y espada,
 30 y ahora la paso sola, triste y desconsolada!

CAROLINXIOS

La caza de Celinos

Versión de SEIXO (parr. Pacios, conc. de Pedradita do Ferreiro, p. x. Lugo, ant. Becerreá, *Lugo*). Emilia López Fernández 83 anos. Recollida por Ana Beltrán, José Antonio Blanco, Diego Catalán e Teresa Meléndez, 22 de xullo de 1982. Enq. N. O. 82. Música. *Archivo Sonoro del Romancero*

- ¿Tú qué tienes, condesina, que no cesas de llorar?
 2 —Yo qué he de tener, marido, para ti ningún pesar:
 ya sabes que estoy encinta da noite de Navidad.
 4 —Ya sabes que estás encinta, tratarás de te cuidar:
 ¿se queres caza do monte o queres pesca do mar?
 6 —Non quero caza do monte, que tu la vayas cazar
 non quero pesca do mar, que tu la vayas pescar;
 8 en os montes de Celinos un ciervo se suele andar,

- se no me traes a cabeza, malparir o reventar,
 10 e se ma has de tragner, armas non has de levar.
 —E se non hei levar armas, trampa me queres armar.
 12 —Non che quero armar trampa nin tampoco falsedad.—
 Deixara sa armas da casa, outras novas foi a comprar.
 14 De llegado a aquel valle empezan a peleiar.
 A cabeza de Celinos pronto cayera no chao;
 16 la cogió por los cabelos e a la condesa la trago.
 —Toma a caza, condesina, que me mandaches buscar.
 18 —Esa caza, meu marido, eu non cha mandei buscar;
 de tres hermanos que tiene así non che ha de pasar.
 20 —Pues que pase, que no pase, tú razón non lles has dar.—
 Le quitara la cabeza, los pusiera par a par.
 22 —I-e besaivos e abrazaivos, i agora douvos lugar.

Belardo y Valdovinos (i-a)

Versión de ESTRADA (Parr. Cancelada, conc. Cervantes, p. x. Lugo, ant. Becerreá, *Lugo*). Pedro Leoncio Álvarez Gómez, 86 anos. Recollida por Mara Catalán, Michèlle Débax, Paloma Díaz Mas, Teresa Meléndez e Francisco Mendoza, 14 de xullo de 1983. (e os días 15 e 16 de xullo do mesmo ano por outros equipos do Seminario Menéndez Pidal). Enq. Galicia 83. Música. *Archivo sonoro del Romancero*.

- Tan alto iba el sol como las doce del día
 2 cuando aquel moro Bernardo pelear del moro venía;
 traguía cien caballos y el suyo la mayor guía.
 4 Pues cuando aquel buen rey uno de ellos le pedía.
 —Téngalos todos, buen rey, yo para otros ganaría.
 6 —No hagas eso, Bernardo, no lo hagas en tu vida,
 que el que se gana en un año se suele perder n'un día.
 8 Valdovinos va en cabeza, de la caza no venía.
 —Vete y búscalos, Bernardo, búscalos por orden mía.
 10 ¿Cómo he de ir a buscar primo que tan mal quería?
 que me robó cien ducados y una sortija de oría.
 12 —Pues si no vas a buscarlo, no tienes bendición mía.
 —Solo por ser quien lo manda yo a buscármelo iría.—
 14 Se fuera de prado en prado y de ancina en ancina,
 iba por aquellas sierras, parecía una palomita,

- 16 y lo viera estar sentado junto de una fuente fría.
 —¿Qué haces ahí, mi primo, primo que 'o tanto quería?
- 18 —Estoy mirando las hierbas que mi caballo pacía
 y estoy mirando el arroyo que de esta fuente corría;
- 20 estoy mirando la sangre que de mis venas corría.
 —¿Quién te puso así, mi primo, primo que 'o tanto quería?
- 22 —Pues me ha puesto un hombre, líbrete Dios de su ira.
 Tiene palmo de ojo a ojo, cuatro de cara tendida,
 24 encima de su caballo parece una torre erguida.
 —Quédate con Dios, mi primo, y con la Virgen María;
 26 voy a buscar al gigante y a vengarme de su ira.
 —No vayas, por Dios, Bernardo, ni por la Virgen María.—
- 28 Valdovinos habla esto, Bernardo ya no lo oía;
 cuando tan pronto lo oyera, ya lo perdiera de vista.
- 30 Y viera estar al gigante junto a una fuente fría
 alabándose a una dama que allí tenía cautiva.
- 32 La dama le contestó con muchísima energía:
 —El herir a Valdovinos eso no es valentía.
- 34 Valdovinos es muy joven, jugar armas no sabía;
 el correr tras de Bernardo lo tengo por gran mentira.
- 36 mira que Bernardo solo a un campo te desafía.—
 Se fueron pelear a un campo a donde nadie los vía.
- 38 El moro llama a Mahoma, Bernardo a Santa María.
 —Por Dios te pido, Bernardo, y por la Virgen María,
 40 por el santo en que tu crees que dejemos la porfía.
 —La porfía no la dejo, más que me cueste la vida,
 42 sin que lleve tu cabeza o tú me lleves la mía.—
 Estando en estas razones, la del gigante caía.
- 44 La cogiera entre los brazos y la tira a la cautiva.
 —Se fueras una cristiana, conmigo te llevaría.
- 46 ¡Qué cosa más parecida a una dama que 'o tenía
 que en el medio de la espalda su primer nombre tenía!—
- 48 La dama se desnudó con muchísima energía
 y en el medio de la espalda su primer nombre tenía.
- 50 La cogiera entre los brazos y al caballo la subía
 y vieran el caballo que las hierbas pacía,
 52 y vieran el arroyo que de la fuente corría,
 y vían a Valdovinos que muerto en el suelo ecía (*sic*).

CABALEIRESCOS

El conde Niño (á)

Versión de NEGUEIRA DE MUÑIZ (conc. Nogueira de Muñiz, ant. Fonsagrada, p. x. Fonsagrada, *Lugo*). Rosa Lledín, 62 anos. Recollido por Aníbal Otero Álvarez. 1931. Archivo Menéndez Pidal / Goyri

- 1 iConde Olinos, conde Olinos, de noche pasó la mar!,
 2 co'l caballo por la rienda cantando un rico cantar.
 Bien lo oíra la reina de altos palacios que está.
 4 —Despertaí, las mis hijas, las que drmís recordaí,
 oiredes la sirena como canta por la mar.—
 6 Respondiera la más nueva, la que debía de callar:
 —No es la serena, ay mi madre, ni tampoco su cantar,
 8 que era conde Olinos nuevo que a mí me viene a buscar
 —Se a ti te viene a buscar, yo le tengo de matar—
 10 —No lo mate usted, mi madre, ni lo mande usted matar,
 que si conde Olinos muere con él me han de enterrar,
 12 y si conde Olinos vive con él me hei de casar.—
 Conde Olinos murió a la una, la niña al gallo cantar;
 14 uno lo entierran a la puerta, y otro al pie del altar.
 D'un naciera un verde pino, y del otro un olival;
 16 crecen uno, crecen otro, al cielo quieren llegar;
 cuando los aires petean ellos se van a abrazar.
 18 La reina, como es celosa, presto los mandó cortar;
 tenían leña para lumbre, madera para serrar.
 20 D'un naciera fuente fría, del otro una fuente preal;
 todos los cojos y mancos a ella se van a lavar.
 22 La reina cortara un dedo, también se fuera a lavar;
 por la gracia de Dios padre la fuente se soltó a hablar:
 24 —Vienes ahí, perra maldita, en mí no te has de lavar.
 Cuando era conde Olinos, tú me mandaste matar;
 26 cuando era verde pino, tú me mandaste cortar,
 y ahora soy fuente fría y en mí no te has de lavar.
 28 para todas ha haber agua, para ti he de secar.—
 Nuestra Señora, ay, me valga, Santa María del mar.

El conde Alarcos (í-a)

Versión das CANCELAS (parr. Logares, concello e p. x. Fonsagrada, Lugo).
Magdalena Murias, 30a. Recollida por Aníbal Otero Álvarez [1929]. Copia
ms. E. M. Torner 1929, mec. 1931. AMP. Ed. *Guion* (11 de maio, 1930), p. 4.

- Estando dona Silvana en el corredor de arriba
 2 *tocando nunha guitarra, que muy bien la repartía,*
 y se levanta su padre con el ruido que hacía.
 4 —¿Qué haces ahí, Silvana, qué haces ahí, Silvana mía?
 —Que casó las hijas todas y para mí no había
 6 sino el conde de Malvedo 'ta casado e ten familia.
 Mándelo llamar, mi padre, de su parte y más la mía;
 8 para que más pronto venga, le ponga poder de vida.—
 —¿Qué me quiere usted, buen rey, qué quiere su señoría?
 10 —Que mataras tu mujer pra casar coa mina filla.
 —¿Cómo quiere que 'o la mate, si muerte no merecía,
 12 cómo quiere que 'o la mate *i-una prenda tan querida?*
 —Mátaa, conde, mátaa, conde, que si no te mataría,
 14 e hasme traer a cabeza nunha dorada bacía.—
 Vuelve el conde pra su casa más triste que no venía.
 16 Mandara hacer la comida las once pra mediodía.
 Está la comida á mesa, nin un nin outro comía.
 18 —Dime, conde, dime, conde, ¿que era o rei que che quería?
 —Anda, vámonos al huerto, que 'o allí cho contaría.—
 20 'Taban las rosas abiertas, nin un nin outro cogía.
 —Dime, conde, dime, conde, ¿que era o rei que che quería?
 22 —Anda, vámonos a cama que 'o allí cho contaría.
 —Dime, conde, dime, conde, ¿que era o rei que che quería?
 24 —Quería que te matara pra casar coa súa filla.
 —Cala, conde, cala, conde, pra eso remedio había:
 26 llamarás al cirujano que me día una sangría,
 para que poquito y poco me vaya cortando la vida.
 28 Déjame dar un paseo dende la sala a cociña,
 decir adiós a mis criadas, sirvientas que 'o bien quería.
 30 Traeime al niño mayor, que peinarlo lo quería;
 traeime el niño más nuevo, que darle el pecho quería.
 32 —Mama, niño, mama, niño, n'este leche de amargar,
 que mañanita a las ocho me llevan a caminar.

- 34 Mama, niño, mama, niño n'este leite de amargura,
 que mañanita a las once estaré en la sepultura.
- 36 —Tocan al seno y al seno, mi Dios, ¿quién se moriría?—
 Contesta el niño más nuevo, que seis meses no tenía;
- 38 —Se ha muerto doña Silvana por culpas que ella tenía:
 descasar los bien casados, cosa que Dios no quería.
- 40 Ella se vaya con Dios, nós con la Virgen María.

El veneno de Moriana (í-o)

Versión de NEGUEIRA DE MUÑIZ (conc. Negueira de Muñiz, ant. Fonsagrada, p. x. Fonsagrada, Lugo) Rosa Lledín, 62a. Recollida por Aníbal Otero Álvarez, 1931. Copia mec. AMP.

- iNuestra Señora, ay, me valga, válgame el santo Toribio!*
 —Vengo brindarte, Mariana, para mis bodas el domingo.
- 2 —Esas bodas, don Alonso, comprendí que eran conmigo.
 —Son con una hermana tuya, que es lo mismo que contigo.
- 4 —Siéntese allí, don Alonso, n'este banquito florido,
 que me lo dejó mi padre para el primero marido.—
- 6 Mariana, como es traidora, saltó en el huerto florido;
 tres hojas de solimán muy pronto las ha cogido,
- 8 la sangre de una culebra y ojos de un lagarto vivo;
 pisólos y repisólos, echólos n'un vaso 'e vino.
- 10 —Toma este vasito, Alonso, toma este vaso de vino.
 —Malhaya pinta bebiera sin que tú hubieras bebido.—
- 12 Mariana, como es traidora, por el seno lo había vertido.
 Don Alonso bebió el vino, malhaya pinta ha vertido.
- 14 Aínda bien no lo ha bebido, cuando le quita el sentido.
 —¿Que me deche, ai Mariana, que me deche neste viño?
- 16 —Tres hojas de solimán, que te quiten el sentido.
 —No se me da por morir, para morir he nacido,
- 18 no se me da por tu hermana, conmigo nada ha perdido,
 dáseme por mis hermanos que piensan que yo estoy vivo.
- 20 Adiós, adiós, ay Mariana, hasta el tribunal divino;
 voy dar cuenta de mis culpas, las que en el mundo he tenido.

El veneno de Moriana (á)

Versión de SOUTOCHAO (conc. Vilardevós, p. x. Verín, Ourense). Un home, uns 70a. Recollida por Manuel Lozano, Beatriz Mariscal, Isabel Rodríguez e Ana Valenciano, 11 de xullo de 1981. Enq. "Norte 81" 2.11-7.4-A3. ASOR.

- Apéate, cabaleiro, qu' horas son de merendar.
2 —¿Qué tienes, Marianita, qué tienes para me dar?
—Tengo unto de culebra, carne de lagarto mortal.
4 Apéate, cabaleiro, qu' horas son de merendar.
